

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE OUTUBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora de seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, puntos quilométricos 7+800 a 8+800, de clave: PO/17/141.06, nos concellos de Marín e Bueu.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vila de Cruces do treito antigo "Cedelle-Larazo" da estrada EP-6405 Larazo-Duxame.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a zona arqueolóxica de Castromao na parroquia de Santa María de Castromao no concello de Celanova (Ourense).
- Decreto polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago na categoría institucional, ao Consello de Europa.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a entidade Banco de Sabadell, S.A., para facilitar a permanencia na vivenda das persoas afectadas por execucións hipotecarias e para o arrendamento de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por impago de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a organización e desenvolvemento das actividades do II Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE (Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños – Unión Europea), por un importe de trescentos cincuenta e dous mil novecentos euros (352.900 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o nivel de cumprimento dos compromisos do Goberno de España para as obras nas liñas de alta velocidade de Galicia-Madrid e Ourense-Lugo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre os espazos *coworking* en Galicia para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a tramitación do Anteproxecto de Lei de impulso demográfico previo ao seu sometemento ao Consello Económico e Social de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-551, AO SEU PASO POLOS MUNICIPIOS DE BUEU E MARÍN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS

- *Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará o levantamento de actas previas para iniciar as obras no ano 2020*
- *Destacan a execución de dúas glorietas nas zonas de Lapamán e Agrelo en Bueu e a mellora dunha intersección no Concello de Marín, incorporándose no mesmo melloras propostas no período de participación pública*
- *Na intervención inclúese a execución dunha senda que dará continuidade ata o acceso á praia de Lapamán*
- *Reforzase a sinalización dos pasos de peóns nas parroquias de Cela e Bueu, con semáforos con pulsador en dous deles e sinalización luminosa nos restantes*
- *Esta actuación enmárcase no Plan de seguridade viaria de Galicia da Xunta para intentar reducir ata 2020 os “puntos negros” das estradas de titularidade autonómica, cun investimento que superará os 15 millóns de euros*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o proxecto de Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de mellora de seguridade viaria na estrada PO-551, ao seu paso polos concellos de Bueu e Marín, cun orzamento de máis de 1,2 millóns de euros.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 32 predios necesarios para a mellora da seguridade viaria nesta estrada de titularidade autonómica, sendo as actuacións máis importantes a construción de dúas novas glorietas nas zonas de Lapamán e Agrelo en Bueu, e a mellora dunha intersección no termo municipal de Marín.

O Goberno galego segue así a avanzar na estratexia do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, con esta nova intervención na estrada autonómica PO-551, cuxas actuacións máis importantes son dúas novas glorietas nas zonas de Lapamán e Agrelo en Bueu, e a mellora dunha intersección no concello de Marín.

Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará o levantamento de actas previas, e a licitación das obras se prevé para este ano ou principios do seguinte, para executar estas no 2020.

Trátase dun proxecto que define actuacións para a mellora da seguridade viaria nun Treito de Concentración de Accidentes (TCAs), redactado no marco da estratexia que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para intentar reducir os “puntos negros” da rede autonómica de estradas.

As principais actuacións previstas consisten na mellora de interseccións, destacando a construción de dúas glorietas no acceso á praia de Lapamán e na intersección coa estrada provincial EP-1304, e a mellora da intersección de acceso á Praia de Agrelo, no punto quilométrico 8+950.

Na intervención inclúese a execución dunha senda que dará continuidade ata o acceso á praia de Lapamán.

Tamén se reforzará a sinalización dos pasos de peóns existentes nas parroquias de Cela e Bueu, coa instalación de semáforos con pulsador en dous deles e sinalización luminosa nos restantes. Estas actuacións incluíronse no proxecto a pesar de non atoparse os pasos de peóns no treito cualificado coma TCA, pola súa conflitividade.

Outras actuacións complementarias serán a instalación de captafaros, a substitución dos postes das barreiras por outros menos lesivos e renovación da sinalización horizontal.

Incorporación de melloras no proceso de información pública

Tras a análise das alegacións presentadas, o proxecto incorporou ademais novas melloras nesta actuación do departamento de Infraestruturas da Xunta.

En concreto, introduce o cambio de configuración na glorieta de Agrelo, que se desprazou á intersección contigua da inicialmente prevista para reducir a súa afección. Tamén na glorieta de Lapamán se realizou un axuste para reducir ocupación, pero de menor entidade, e se mellorou a conexión peonil coa vía de baixada á praia, habilitando ademais unha nova zona de aparcamento.

A maiores inclúese na actuación a mellora da intersección do punto quilométrico 7+320, no Concello de Marín mediante a execución dunha cuña de saída que mellora a visibilidade e a seguridade.


Plan de seguridade viaria

Esta actuación enmárcase no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, que a Xunta está a desenvolver para reducir a accidentalidade dos tramos de concentración de accidentes das estradas de titularidade autonómica, estando prevista a execución de actuacións que superarán os 15 millóns de euros, no horizonte desta lexislatura.

Nos seguintes planos amósanse as dúas glorietas que se executarán nesta intervención:



Glorieta de Lapamán



Glorieta de Agrelo



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES DA TITULARIDADE DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA AS PARROQUIAS DE LARAZO E DUXAME

- *Trátase dun tramo de 821 metros de lonxitude no lugar de Cedelle e a petición municipal xustifícase no cambio da funcionalidade da vía provincial cara un viario de acceso ás vivendas e terreos existentes nas súas marxes*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *Coa transferencia, o Concello asume a responsabilidade da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Vila de Cruces dun treito antigo da estrada provincial que comunica as parroquias de Larazo e Duxame.

O Concello de Vila de Cruces solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade do tramo antigo no lugar de Cedelle, dunha lonxitude total de 821 metros e que formou parte da estrada provincial anteriormente citada. A petición municipal xustifícase no cambio da funcionalidade de estrada provincial cara a un viario de acceso e servizo ás vivendas e terreos existentes nas súas marxes.

O organismo provincial de Pontevedra considerou axeitado a transferencia a prol do Concello de Vila de Cruces, polo que emite informe favorable e solicita o cambio de titularidade do citado tramo provincial á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do concello pontevedrés de Vila de Cruces deste antigo treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as Administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello da Vila de Cruces terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega da estrada formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes aos da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da acta de entrega.

A XUNTA DECLARA BIC A ZONA ARQUEOLÓXICA DE CASTROMAO, UN DOS ASENTAMENTOS CASTREXOS MÁIS ANTIGOS DE GALICIA

- ***O decreto aprobado alcanza a totalidade dos vestixios e rexistros arqueolóxicos vinculados a esta área e inclúe un catálogo de elementos patrimoniais***
- ***A zona presenta un magnífico estado de conservación no que se refire ás estruturas arqueolóxicas exhumadas, consolidadas e exhibidas, un total de 75 vivendas que xunto coas murallas constitúen unha excelente mostra da arquitectura en pedra***

O Consello da Xunta aprobou declarar Ben de Interese Cultural (BIC) a zona arqueolóxica de Castromao situada no concello ourensán de Celanova que conta cun valor cultural sobranceiro fundamentado na súa importancia histórica, no seu potencial científico e no seu carácter representativo como un dos asentamentos castrexos máis antigos de Galicia.

Esta zona comprende un conxunto de bens de diferente natureza situados no cumio e ladeiras do coto no que se localiza o castro, ocupado de xeito continuado desde a primeira Idade de Ferro (desde o século VII a.C ata o século III d.C.), pasando pola Idade Media ata a actualidade. Entre eles, figuran estruturas defensivas visibles como murallas, foxos e antecastros. Ademais, unha das principais características que fai singular Castromao dentro do conxunto dos castros galegos é a cantidade, variedade e riqueza dos restos arqueolóxicos exhumados en numerosas campañas de escavacións realizadas desde os anos 60 e que descubriron, por exemplo, á *Tábula Hospitalis*, que dá conta do pacto asinado por este pobo cun prefecto romano no ano 132 d.C. Tamén destaca a variedade dos tipos cerámicos, de xeito que coexisten formas castrexas de produción propia con outros elementos procedentes de Grecia.

A declaración aprobada hoxe alcanza a totalidade dos vestixios e rexistros arqueolóxicos vinculados a esta área e inclúe un catálogo de elementos patrimoniais vinculados entre os que destacan un petróglifo, hórreos, un cruceiro e as ruínas dunha capela situados no propio castro, unha área arqueolóxica potencial situada ao oeste e na epígrafe romana encaixada no casa reitoral de Castromao, ademais dun conxunto de elementos representativos da arquitectura popular dese núcleo.

A localización do castro, nun outeiro que domina visualmente un vasto territorio sobre as terras de Celanova e Ourense, foi estratexicamente seleccionada para o control dos intercambios comerciais entre a ruta fluvial do río Miño e as vías terrestres.

Cómpre destacar que, na actualidade, a zona presenta un magnífico estado de conservación no que se refire ás estruturas arqueolóxicas exhumadas, consolidadas e exhibidas, un total de 75 vivendas que xunto coas murallas e muros de contención constitúen unha excelente mostra da arquitectura en pedra e urbanismo castrexos.

Réxime de protección

O contorno de protección circunscribe a totalidade da zona arqueolóxica e atinxe os socalcos e a ladeira baixa do sector leste e norte. Inclúe tamén as áreas de influencia susceptibles de albergar en restos arqueolóxicos. Na zona oeste inclúe as terrazas de Cerdeira; polo norte a ladeira ata a ruptura da pendente; polo leste a aldea de Castromao incluída a igrexa; polo sur ata a estrada, e polo oeste incorpora unha área de plataformas de posible potencial arqueolóxico nos lugares identificados como Cañotas, Rescaldo, Cerdeira e Monte Vello.

Tras a declaración como BIC do conxunto, as intervencións que se pretendan realizar no ben ou no seu contorno de protección terán que ser autorizadas pola Xunta de Galicia e os propietarios, posuidores ou arrendatarios están obrigados a conservarlos, mantelos e custodialos, evitando a súa perda, destrución ou deterioración. Ademais, están obrigadas a permitirlle o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico designado pola Administración, así como a comunicar calquera dano ou prexuízo que sufrisen e afecten o seu valor cultural. Por último, permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día. O decreto terá eficacia desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Actuacións en castros

Esta declaración súmase ao traballo que a Xunta vén realizando no eido patrimonial. Precisamente, este mesmo mes, o Consello da Xunta aprobou declarar Ben de Interese Cultural (BIC) o Castro de Santa María de Cervantes (Lugo), así como a inscrición no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia de diversos bens do ámbito desta zona arqueolóxica, á vista das súas características e dos seus valores culturais sobranceiros.

Ademais, o Goberno galego está a traballar na posta en valor doutros conxuntos castrexos como o castro de Montealegre en Moaña (Pontevedra), que será obxecto dunha re-escavación arqueolóxica, consolidación e restauración das estruturas, documentación e limpeza dos petróglifos existentes, así como do acondicionamento, sinalización e adecuación do acceso ao xacemento co obxectivo de favorecer un maior coñecemento e aproveitamento sociocultural do conxunto arqueolóxico. O investimento para estes fins ascende a 320.000 euros.

Así mesmo, realizarase unha nova campaña de escavacións e consolidación de estruturas no castro de Viladonga (Castro de Rei), cun orzamento de 231.200 euros destinados a traballos de investigación, documentación, escavación, consolidación e acondicionamento do xacemento. Grazas a isto, garantirase a súa conservación e protección.

O castro de San Tomé (Ourense) tamén está a ser obxecto de actuacións por un importe total de 124.000 euros, uns traballos que se atopan na fase final de consolidación das estruturas, e adxudicaranse actuacións no campamento romano de Ciadella (Sobrado) por importe de 274.265 euros.

Cómpre lembrar que Galicia conta cun rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Neste sentido, Galicia conta na actualidade con 742 BICs, unha cifra na que xa se inclúe a zona arqueolóxica de Castromao. Os elementos singulares declarados Ben de Interese Cultural na nosa Comunidade nos últimos meses son as estatuas do Mestre Mateo, o Arquivo Fotográfico Vidal, a Cova Eirós, as técnicas construtivas da carpintería de ribeira, a ampliación dos muíños do Folón e do Picón, a Ribeira Sacra e o castro de Santa María de Cervantes.

A XUNTA DE GALICIA NOMEA EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO AO CONSELLO DE EUROPA

- ***A institución contribuíu de xeito decisivo ao coñecemento e divulgación das Rutas Xacobeas, da súa cultura e dos seus valores***
- ***O nomeamento coincide co 32º aniversario da declaración do Camiño de Santiago como primeiro Itinerario Cultural Europeo***

O Consello da Xunta aprobou a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago na categoría institucional ao Consello de Europa, un organismo que contribuíu de xeito decisivo ao coñecemento e divulgación das Rutas Xacobeas, da súa cultura e dos seus valores.

Desde 1984, ano no que comeza a relación do Camiño de Santiago co Consello de Europa, este amosou unha gran sensibilidade institucional cara este fenómeno de peregrinación, consciente do papel que desempeñou no desenvolvemento de cidades e na creación de institucións relixiosas e laicas, e observando que os contactos resultantes deste movemento de peregrinos a través de toda Europa constituíu unha primeira etapa cara ao interculturalismo.

Así mesmo contribuíu a que o Camiño sexa recoñecido como lugar de encontro e promoción das culturas e valores que nos fan europeos coa declaración hai 32 anos do Camiño de Santiago como o primeiro Itinerario Cultural Europeo. Cómpre destacar que a partir deste modelo, o Instituto Europeo de Itinerario Culturais impulsou a definición doutras rutas, ata alcanzar os 38 Itinerarios Culturais do Consello de Europa existentes na actualidade.

O Goberno galego creou a figura de Embaixador de Honra no ano 2013, sendo este o quinto título que outorga, tras os nomeamentos do Rei Felipe VI, do exseleccionador de fútbol Vicente del Bosque, do expresidente do Goberno Mariano Rajoy e do Rei Emérito Juan Carlos I.

A XUNTA DE GALICIA GARANTE O DEREITO A UNHA VIVENDA A MÁIS DE 140 FAMILIAS AFECTADAS POR UN DESAFIUZAMENTO

- ***O Consello da Xunta aprobou a renovación dun convenio entre o IGVS e a entidade financeira Sabadell, que se compromete a paralizar as execucións hipotecarias e permitir aos afectados seguir na vivenda en réxime de alugueiro social***
- ***Así mesmo, o banco permitirá a permanencia nas vivendas arrendadas en virtude do convenio de 2015 e cederá novas vivendas ao IGVS***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Banco de Sabadell para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Deste xeito, a Xunta de Galicia garante o dereito a unha vivenda a máis de 140 familias galegas afectadas por unha situación de desafiuzamento por impago das rendas do alugueiro ou por unha execución hipotecaria.

Cómpre recordar que desde o ano 2015, a Xunta de Galicia asinou senllos convenios de colaboración coa Sareb e varias entidades bancarias, como Abanca, Caixa Rural, Caixabank, para facilitar a permanencia na vivenda e o acceso a unha das persoas que se vían afectadas por unha situación de especial necesidade.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta coa entidade financeira Sabadell tamén prevé o arrendamento de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por impago de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda. Este convenio dá continuidade ao asinado en 2015.

Así, tal e como se establece nas condicións do convenio de colaboración entre IGVS e Banco de Sabadell permitirase:

- Posibilitar a permanencia na vivenda por parte das persoas afectadas polos procedementos de execución hipotecaria instados pola entidade Banco de Sabadell, S.A. que sexan clientes da propia entidade financeira.
- Posibilitar a permanencia nas vivendas arrendadas con contratos vixentes celebrados co IGVS en virtude do convenio de 2015 a aquelas persoas que foron realoxadas nelas, mediante a súa cesión en usufruto ao IGVS e a celebración de novos contratos cunha vixencia de tres anos desde a data da súa finalización.
- Destinar durante a permanencia do convenio vivendas baleiras de propiedade da entidade ou das empresas pertencentes ao seu grupo empresarial, ao alugueiro social, mediante a cesión en usufruto ao IGVS, para dar cobertura a outros afectados por procedementos de execución hipotecaria ou desafiuzamento por impago de rendas, así como a outras persoas e colectivos afectados por situacións de emerxencia e con especial dificultade de acceso á vivenda.

Paralización de execucións hipotecarias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A entidade financeira comprométese a poñer en coñecemento da Xunta todos os casos de execucións hipotecaria de persoas físicas nos que estea autorizado xudicialmente o lanzamento, e non resulten de aplicación as medidas contidas na lexislación estatal de protección de debedores hipotecarios.

Ademais, comprométese a non facer efectivos os lanzamentos ata que se acade unha solución que permita a permanencia da familia afectada na vivenda, en réxime de alugueiro, para o que no prazo máximo de tres meses se asinará un acordo entre as partes.

Ese alugueiro social estará xestionado polo IGVS e os beneficiarios deberán aboar unha renda de entre 0 e 75 euros ao mes, en función dos seus ingresos.

A renda revisarase anualmente en función das circunstancias económicas e persoais dos membros da unidade de convivencia que ocupe a vivenda.

Con base neste convenio, o Banco Sabadell cederá ao IGVS, en usufruto, as vivendas arredadas en aplicación do convenio de 2015 e con contrato en vigor actualmente. A cesión realizarase por un prazo de tres anos contando dende o vencemento da terceira anualidade do contrato actual, de maneira que se poderá prolongar a vixencia do contrato no caso de que os inquilinos continúen cumprindo os requisitos establecidos. Estas vivendas serán destinadas ao aloxamento de unidades de convivencia pertencentes a colectivos que precisan dun acceso inmediato a un aloxamento temporal,

Tamén permitirá a adxudicación de vivendas baleiras da súa propiedade, en réxime de alugueiro, a persoas seleccionadas polo IGVS. O banco cederá as ditas vivendas ao IGVS en usufruto durante un prazo de tres anos e en contraprestación o banco recibirá 125 euros mensuais.

EDUCACION DESTINA 353.000 € Á CELEBRACIÓN DO II CUMIO ACADÉMICO E DO COÑECEMENTO CELAC-UE QUE SE CELEBRARÁ EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería e a USC para a organización deste encontro***
- ***Este evento suporá a chegada de arredor de 500 participantes de universidades iberoamericanas e da Unión Europea en marzo de 2020***

O Consello da Xunta vén de autorizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a organización do II Cumio Académico e do Coñecemento da comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños e a Unión Europea, CELAC-UE, que terá lugar os días 25, 26 e 27 de marzo do próximo ano 2020 na capital de Galicia.

A Consellería de Educación achegará un total de 352.900 euros para financiar os gastos de celebración e desenvolvemento deste encontro que traerá a Galicia arredor duns 500 participantes de universidades iberoamericanas e da Unión Europea. Este cumio configúrase como un foro de debate e posta en común co obxectivo de impulsar a cooperación e o desenvolvemento inclusivo da educación superior, cun acceso equitativo e de calidade, facilitando o intercambio de coñecementos e a transferencia de tecnoloxías.

A celebración deste II Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE en Santiago de Compostela foi acordada en outubro de 2017 no marco do Consello Universitario desta entidade na Conferencia anual da Asociación Nacional de Universidades e Institucións de Educación Superior de México (ANUIES), que tivo lugar en Guadalajara (México); e que contou co visto e praxe das tres universidades do SUG.

A Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños (CELAC) é un instrumento intergubernamental de diálogo e concertación política, integrado por países de América Latina e o Caribe, que ten, entre as súas atribucións, a interlocución e diálogo coa Unión Europea.

Os cumios CELAC-UE reúne aos dirixentes europeos, latinoamericanos e caribeños co obxecto de fortalecer as relacións entre ambas as rexións a través de foros de diálogo e cooperación entre os Estados da UE e América Latina e o Caribe.

Espazo Común Euro-Latinoamericano e Caribeño

No marco deste encontro avanza na construción dun Espazo Común Euro-Latinoamericano e Caribeño de Educación Superior, Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Entre os obxectivos do Espazo Común, enunciados na Declaración de San Salvador (5 e 6 de outubro de 2017), está o de afondar no impulso da mobilidade académica, a cooperación entre institucións e o intercambio de experiencias e boas prácticas en materia de docencia,

investigación, extensión e xestión. Así mesmo, fomentaranse acordos bilaterais, rexionais e birrexionais de recoñecemento de títulos e plans de estudo, dentro do marco da autonomía universitaria, co fin de aproximar os sistemas de educación superior europeos, latinoamericanos e caribeños. Neste sentido, cómpre tamén crear un marco de colaboración entre os sistemas nacionais e rexionais de avaliación, calidade e acreditación, como base para favorecer a mobilidade.

No eido da I+D+i, impulsarase a cooperación entre os sistemas de investigación científica, de tecnoloxía e innovación, particularmente no que atinxe á mobilidade de investigadores, o uso compartido de infraestruturas e capacidades científicas e a participación de científicos de ambas as rexións en proxectos de investigación estratéxicos conxuntos.

O CONSELLO DA XUNTA CONSTATA A IMPOSIBILIDADE DE QUE SE CUMPRAN OS PRAZOS COMPROMETIDOS PARA A FINALIZACIÓN E POSTA EN SERVIZO DO AVE GALEGO

- ***O informe técnico analizado hoxe polo Executivo autonómico acredita que o treito entre Zamora e Pedralba de la Pradería, en fase de probas, non poderá entrar en servizo este ano***
- ***O Goberno de España comprometeu o pasado ano que ese treito estaría funcionando en 2019, reducindo en case unha hora o tempo de viaxe entre Madrid e Galicia***
- ***Os técnicos da Administración autonómica estiman tamén inviable a completa finalización neste ano 2019 das obras entre Pedralba de la Pradería e Ourense, prevendo un retraso de varios meses na data prevista para o inicio das probas***
- ***O estudo reflicte que da liña Ourense-Lugo-Monforte só se licitou, este mes de outubro, un contrato, e non está en execución ningunha obra que permita acadar o obxectivo fixado para 2021***

O Consello da Xunta constatou hoxe a imposibilidade de que se cumpran os prazos comprometidos polo Goberno de España para a finalización e posta en servizo do AVE galego. Esas son as conclusións do Informe sobre o nivel de cumprimento dos compromisos do Goberno de España para as obras nas liñas de alta velocidade de Galicia-Madrid e Ourense-Lugo, avaliado hoxe polo Goberno autonómico.

O novo informe sobre o AVE elaborado por técnicos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade analiza a viabilidade de cumprimento dos compromisos adquiridos con Galicia polo Goberno de España en relación coa alta velocidade ferroviaria.

O primeiro deles é a previsión de posta en servizo no ano 2019 do treito entre Zamora e Pedralba de la Pradería, pertencente á liña Madrid-Galicia. O compromiso do Ministerio de Fomento era que neste ano permitise reducir en case 1 hora o tempo de viaxe coa capital de España.

Ese treito atópase en fase de probas, sen embargo o informe acredita que as súas obras remataron definitivamente 6 meses máis tarde do previsto, comezando os traballos de probas aínda o pasado mes de xuño. A pesar de que non existe información oficial sobre a súa evolución, o informe descarta a viabilidade da súa entrada en servizo neste ano.

En segundo lugar, con respecto ás obras pendentes nesa mesma liña Madrid-Galicia, correspondentes ao treito Pedralba de la Pradería-Ourense, o informe acredita a practica finalización total das obras da estrutura, se ben apunta importantes incertezas en relación cos prazos das bases de montaxe e de subministros.

No tocante á montaxe de vía (nas dúas vías que compoñen o AVE galego) e aos traballos de seguridade dos túneles, apréciase un notable retraso que fai sinalar como inviable que se

rematen por completo as obras no ano 2019, como estaba comprometido. En consecuencia, prevese un retraso de varios meses no inicio da fase de probas.

En relación coa liña Ourense-Lugo-Monforte, o informe lembra que o Ministerio de Fomento conta cunha completa planificación que inclúe a mellora da liña existente e a execución de variantes. O primeiro obxectivo comprometido é acadar un tempo de viaxe entre Lugo e Madrid inferior ás 4 horas en 2021.

Sen embargo, actualmente non existe ningunha obra en execución para acadar ese obxectivo e unicamente se licitou, neste mesmo mes de outubro, un contrato de electrificación que representa unha porcentaxe mínima das obras previstas e que non poderá estar rematado ata finais de 2021.

Polo tanto, o informe conclúe que tampouco poderá cumprirse o compromiso trasladado a Galicia para o ano 2021 en relación coa liña Lugo-Monforte-Ourense.

A XUNTA IMPULSA O EMPRENDIMENTO CON 10 ESPAZOS COWORKING DOS QUE 3 SON NOVOS E ESTÁN CENTRADOS NO CAMIÑO, A AGROALIMENTACIÓN E O NAVAL

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza o convenio coa Escola de Organización Industrial (EOI) para sumar tres novas aceleradoras que se abrirán en Palas de Rei, Cenlle e Moaña***
- ***Estes espazos súmanse aos xa activos en Monforte de Lemos, Mondoñedo, Celanova, Cabana de Bergantiños, Ferrol, Santiago e Vilanova de Arousa***
- ***A presente edición, que disporá dun orzamento dun millón de euros, prevé impulsar máis de 200 proxectos ata finais de 2020***
- ***Con esta iniciativa impulsáronse xa 625 propostas, das que máis de 200 xa se constituíron como empresa***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza a súa aposta polo emprendemento coa posta en marcha de tres novos *coworking* en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI). Así, xunto cos xa activos, nos próximos meses estarán en funcionamento un total de 10 espazos que facilitarán o desenvolvemento das iniciativas empresariais de 220 emprendedores.

Como vén de informarse no Consello da Xunta, os tres espazos que se crean acelerarán, en novas localizacións, proxectos relacionados con actividades específicas. Así, o *coworking* do Ribeiro, que se situará no concello ourensán de Cenlle, promoverá a agroalimentación, o turismo rural e a economía circular, mentres que o situado en Palas de Rei (Lugo), centrarase no Camiño de Santiago e fomentará o emprendemento na ruta xacobeá. Tamén se abrirá un espazo no Morrazo (no concello de Moaña) para impulsar a procura de novas oportunidades a emprendedores e empresarios relacionados co sector naval.

Estes novos espazos súmanse aos xa en funcionamento en edicións anteriores e abertos na Mariña lucense (con sede en Mondoñedo); A Ribeira Sacra (Monforte de Lemos); Terras da Limia (Celanova); A Costa da Morte (Cabana de Bergantiños); Santiago de Compostela, Ferrolterra (CIS Galicia en Ferrol) e O Salnés (Vilanova de Arousa). Estes *coworking* levan impulsados 625 proxectos de 701 emprendedores, e un total de 227 iniciativas xa se constituíron como empresas. Nos próximos días abrirase o prazo de inscrición á nova convocatoria, que non se pechará ata o 30 de novembro.

As aceleradoras desta rede, recoñecida co Premio europeo aos proxectos rexionais máis innovadores e finalista dos *Regiostar Awards 2017*, disporán ata finais de 2020 dun orzamento dun millón de euros, mediante o que se prevé impulsar 220 proxectos.

A rede de espazos *coworking* impulsada promovida pola Xunta a través do Igape e a EOI forma parte da plataforma StartIN Galicia, que agrupa a todas as aceleradoras que apoia a Administración autonómica e que permitiu nos últimos cinco anos impulsar máis de 1000 proxectos emprendedores en todo o territorio. Dentro desta plataforma de apoio integral

desenvólvense as *business factories* e outras aceleradoras como Agrobiotech, ViaGalicia, Galicia Open Future e Connecting For Good Galicia.

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DA LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO QUE AMPARARÁ MÁIS DO 80% DAS ACHEGAS PRESENTADAS POR ENTIDADES E PARTICULARES

- ***O anteproxecto remitirase agora ao Consello Económico e Social de Galicia***
- ***Entre as novidades introducidas na norma tras o período de exposición pública están, entre outras, recoller de forma expresa e separada no texto a participación das entidades do terceiro sector; avanzar nos servizos de conciliación nas Administracións públicas ou elaborar unha estratexia de prevención e abordaxe integral da soidade non desexada***

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde a que o anteproxecto da Lei de impulso demográfico se remita ao Consello Económico e Social de Galicia, unha vez estudadas todas as achegas que se presentaron durante o período de exposición pública e das que se tomarán en consideración máis do 80%. Un total de 25 organizacións e persoas a título individual remitiron 336 suxestións, o que demostra o interese e a implicación da sociedade galega no deseño dunha Lei que aspira a ser patrimonio de todas as galegas e galegos.

As alegacións proceden de entidades relacionadas coa infancia, de asociacións que traballan no ámbito rural ou de loita contra a pobreza, de institucións como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), de partidos políticos, de grupos de investigación universitarios ou de axentes económicos e sociais. Estas céntranse en propoñer cambios de redacción para dar cabida a todas as sensibilidades, ampliar o alcance do que se regula ou suxerir novas actuacións de carácter executivo, sempre tendo en conta que a norma non entra a detallar medidas senón que achega un marco para o seu desenvolvemento.

As suxestións que se incorporarán á Lei farán que esta gañe en precisión e en consenso, e motivan que se engadan catro novos artigos e se modifiquen outros 29, así como que se inclúa unha nova disposición e se cambien outras catro. As novidades que se incorporan ao articulado son: recoller de forma expresa e separada no texto a participación do terceiro sector social nas políticas de impulso demográfico, avanzar na creación de servizos de conciliación nos centros de traballo da Administración autonómica e promover que se poñan en marcha no resto de Administracións públicas de Galicia, garantir a accesibilidade dos recursos de atención temperá, elaborar unha estratexia de prevención e abordaxe integral da soidade non desexada e crear un comité de ética dos servizos sociais de Galicia.

Así mesmo, os principais cambios que se efectúan en artigos que xa existían despois de ter en conta as suxestións son os seguintes: referente á Administración local, considerarase o esforzo económico en función da capacidade de cada concello, para que cada municipio desenvolva políticas demográficas na medida das súas posibilidades; incluír de xeito expreso que se facilite ás persoas máis vulnerables o acceso á oferta formativa, especialmente das que teñan outras persoas a cargo e incorporar na Lei programas de recuperación de vivendas baleiras.

Participación dos concellos

As modificacións do articulado da norma tamén afectan a cuestións como a promoción da participación dos concellos no apoio ás familias monoparentais; establecer expresamente que as prestacións e axudas se fixarán en función da situación familiar e tamén do número de fillas e fillos; contemplar unha prórroga dun ano das prestacións en situación de especial vulnerabilidade; aplicar un trato diferenciado ás familias con menores ou persoas dependentes ao seu cargo ou establecer bonificacións para o transporte.

Ademais, tamén se inclúen variacións relacionadas con ampliar ata a maioría de idade das fillas e fillos do persoal do sector público autonómico o acceso á flexibilidade horaria; que os programas de acollemento de persoas refuxiadas ou inmigrantes se adapten ás necesidades do rural; promover o consumo de produtos de proximidade nos servizos da Xunta; recoller literalmente que a teleasistencia avanzada sexa accesible e adaptada ás circunstancias específicas dos usuarios; someter ao informe do Parlamento de Galicia a futura Estratexia de Impulso Demográfico previamente á súa elaboración e facer explícito no texto o obxectivo que ten a Xunta de Galicia de avanzar progresivamente cara á universalización da educación infantil de 0 a 3 anos.

Para executar as diversas medidas que considera a Lei de impulso demográfico, que se comezarán a introducir de maneira paralela á tramitación da mesma, desta un investimento de máis de 700 millóns de euros anuais.